



BANDO

Por medio do presente instase a tódolos veciños/as do municipio, que sexan propietarios de parcelas nas que existan pozos e prospeccións que estean abertas, sen selar nin balizar ou, en definitiva, sen ningunha medida de seguridade, a que procedan ao seu selado para a seguridade de todos.

Segundo o Plan Hidrolóxico da Confederación Hidrográfica do Miño-Sil obriga a tomar medidas de precaución necesarias para o seu correcto selado coa finalidade de que eviten accidentes, concretamente o punto 13 do artigo 27 expón:

“Calquera captación de auga subterránea deberá contar coas instalacións de seguridade pertinentes para evitar o risco de caída accidental de persoas ou animais no seu interior. En particular, as escavacións abertas de diámetro superior a 1 metro requirirán a instalación dunha valla perimetral que minimice o citado risco. Co mesmo propósito, os pozos e sondaxes de menor diámetro deberán contar cun cerramento adecuado as súas características que impida tamén a caída de pedras ou desfeitos no seu interior”.

Así mesmo recordase que calquera cidadán ou cidadá que teñan coñecemento da existencia de pozos ou prospeccións sen ningunha medida de seguridade está obrigado a poñelo en coñecemento do Concello.

Petín, a 26 de febreiro de 2019

O ALCALDE



Asdo.: Miguel Bautista Carballo